

ÁMBITO

Localidade Palas-Guntín-Monterroso

Comarca Lugo centro

Lugar de realización Restaurante Pardellas

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación) 9

Nº de non militantes asistentes 2

Nº de militantes convocad@s

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local Pardellas

Representante do Consello Nacional Bernardo Valdês

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión 1h 40 min

Metodoloxía empregada (clásica, Exposición inicial e depois debate aberto grupos pequenos, pizarras, etc) sentados arredor dunha mesa

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Tono xeral positivo e con unha elevada participación das/os asistentes.
Preocupación pola situación social e moitas ganas de facer cousas nas distintas localidades.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

Con carácter xeral:

O BNG nunca perdeu o norte nas súas posicións mais neste momento non xera ilusión. Nesta situación inflúen os medios.

Non transmitimos ben a nosa mensaxe, nas eleccións xerais non fomos capaces de facerlle chegar á sociedade que nós fixemos todo o posíbel para que houbera unha candidatura galega unitaria e que foron outros (os que conformaron En Marea) os que imposibilitaron esa unidade. No noso discurso temos de ser mais contundentes á hora de denunciar como outras organizacións que se presentan como de esquerdas non defenden ao noso país.

Agora non existe unha voz galega en Madrid, é necesario transmitir a importancia para as galegas e os galegos de ter unha voz propia en Madrid.

Temos que preocuparnos especialmente pola forma de chegarmos á xente: que facer para que as nosas propostas cheguen?

Radiografía da Galiza de hoxe

A situación de abandono do rural é alarmante: crise agraria, envellecemento, persoas soas, falta de servizos,...

Participación política e modelo organizativo

Hai que ser prudente na renovación das persoas, seguir contando coa xente firme e con experiencia.

Dada a situación no rural nalgunhas zonas hai que ir a unha estrutura organizativa que agrupe varios concellos.

O nome non é un problema.